



## **BASES DA CONVOCATORIA DE PREMIOS AOS MELLORES EXPEDIENTES ACADÉMICOS DO PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO DA ESO NO IES TERRA DE SONEIRA DE VIMIANZO DURANTE O CURSO 2015-2016.**

O Concello de Vimianzo, quere recoñecer o esforzo e o traballo dos alumnos e alumnas de Educación Secundaria Obrigatoria empadroados en Vimianzo, que cursan os estudos no I.E.S. Terra de Soneira de Vimianzo, único centro público do concello onde se imparten estas ensinanzas.

Dado o interese do Concello para valorar a excelencia, o esforzo e o rendemento académico dos alumnos e alumnas; dado a intención de dar o recoñecemento oficial aos méritos de aqueles e aquelas que demostran unha especial preparación nos estudos e dado a necesidade de promover unha formación de calidade no ensino secundario que incentive ao alumnado cara á continuación de estudos superiores, o concello de Vimianzo establece catro premios con dotación económica a favor de aqueles alumnos e alumnas que teñan a primeira e segunda mellor cualificación académica ao final do primeiro e segundo ciclo da E.S.O.

### **BASES DA CONVOCATORIA**

#### **PRIMEIRA**

Convócase os premios do concello de Vimianzo aos primeiros e segundos mellores expedientes do primeiro e segundo ciclo da E.S.O. do I.E.S. Terra de Soneira para o curso escolar 2015-2016.

#### **SEGUNDA**

Estes premios van dirixidos a todo o alumnado empadroado en Vimianzo en data 31 de decembro de 2015 e que cursan os estudos de 4º e 2º de E.S.O. no I.E.S. Terra de Soneira.

#### **TERCEIRA**

1. As persoas interesadas, para participar, deben presentar a solicitude do anexo I dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e en todo caso antes do 30 de xuño de 2016 no Rexistro de Entrada do concello, acompañada da documentación seguinte:
  - a) Informe do Director ou Directora do Instituto onde consta que é o primeiro ou segundo mellor expediente de 4º e de 2º de E.S.O.
  - b) Certificación bancaria da conta onde se realizaría o ingreso, na que debe figurar como titular ou autorizada a persoa que solicita o premio.
  - c) Fotocopia compulsada do DNI da persoa solicitante.
  - d) Fotocopia compulsada do DNI da persoa representante, tratándose dun ou unha solicitante menor de idade.
2. No caso de existir deficiencias na documentación, levarase a cabo un requirimento para dar a posibilidade de emendar nun prazo de dez días, e que de non facelo terase por desistida a súa petición de acordo co disposto no artigo 71.1 da LRJPAC.
3. A concorrencia á presente convocatoria supón a plena aceptación das Bases.



#### **CUARTA**

O premio consiste en 100,00€ (CEN EUROS) para cada un dos primeiros mellores expedientes e en 50,00€ (CINCUENTA EUROS) para cada un dos segundos mellores expedientes, así como un diploma acreditativo para cada unha das persoas premiadas.

#### **QUINTA**

A Resolución destes premios farase antes do 4 de xullo 2016 e, faranse públicos, cando menos, na páxina web do concello de Vimianzo [www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal), e notificaranse aos beneficiarios .

Unha vez publicada a proposta, as persoas beneficiarias deberán comunicar a aceptación ou renuncia do premio. En calquera caso, a aceptación da proposta enténdese producida automaticamente se no prazo de oito días desde a súa publicación non se comunica o contrario.

#### **SEXTA**

Unha comisión formada polo Alcalde, concelleira de cultura e técnica de cultura avaliará as solicitudes e formulará unha proposta de resolución á alcaldía, quen dictará unha Resolución definitiva.

#### **SÉTIMA**

As presentes bases serán publicadas na web do concello de Vimianzo [www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal) e serán trasladadas ao I.E.S. Terra de Soneira para maior publicidade das mesmas. Tamén se dará coñecemento das mesmas aos medios de comunicación.

As presentes bases estarán vixentes dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, cuxo texto completo pode consultarse na plataforma da Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Vimianzo, a 25 de maio de 2016

Asdo. Manuel Antelo Pazos

O alcalde



## ANEXO I

### PREMIOS AOS MELLORES EXPEDIENTES ESCOLARES DA E.S.O. DO I.E.S. TERRA DE SONEIRA DE VIMIANZO. CURSO 2015 - 2016

Datos da persoa solicitante			
Nome		NIF	
Enderezo			
Email		Teléfono	
Datos representante legal, no caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade			
Nome e apelidos		DNI	
Enderezo			
Email		Teléfono	

  

Documentación	
<input type="checkbox"/>	Fotocopia compulsada do DNI da persoa solicitante
<input type="checkbox"/>	Informe da Dirección do I.E.S. Terra de Soneira
<input type="checkbox"/>	Fotocopia compulsada do DNI da persoa representante legal, no caso de que a solicitante sexa menor de idade
<input type="checkbox"/>	Certificado da conta bancaria

Vimianzo,

\_\_\_\_\_

Sinatura da persoa solicitante

Sinatura da persoa representante

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIMIANZO**

